



VIII TORNEO DE PRIMAVERA XIMNASIA RÍTMICA 2016

DATA E HORA: 10 de abril. Enviaremos horario unha vez pechado o prazo de inscrición.

LUGAR: PAVILLON DOS REMEDIOS DE OURENSE. CANCHA CENTRAL

BASES DO TORNEO:

A. CAMPIONATO INDIVIDUAL PROMOCIÓN-ESCOLAR:

- ✓ **CATEGORÍAS: INICIACIÓN E PREBENXAMÍN** (máximo **dúas** ximnastas por categoría ou tres por club entre as dúas categorías)
- ✓ **NORMATIVA TÉCNICA:** Normativa técnica individual promoción da Federación Galega de Ximnasia (engadindo a categoría de iniciación según normativa escolar da FGX)

B. CAMPIONATO DE CONXUNTOS BASE-PROMOCIÓN:

- ✓ **CATEGORÍAS: PREBENXAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL E SENIOR** (máximo **un** conxunto por categoría ou tres conxuntos por club entre as catro categorías)
- ✓ **NORMATIVA TÉCNICA :** Normativa técnica nacional conxuntos base

C. NIVEL FEDERADO: CAMPIONATO INDIVIDUAL DE CLUBS:

- ✓ **CAMPIONATO POR EQUIPOS** (máximo **un** equipo por club e categoría)
- ✓ **CATEGORÍAS: infantil, junior e senior**
- ✓ **NORMATIVA:** Normativa galega individual de clubs. Salvo no seguinte criterio:
 - **Ximnasta suplente:** non será preciso inscribir á ximnasta como tal, senón que simplemente se permitirá un exercicio de máis en cada categoría e contará a puntuación maior dos dous aparatos que se repitan.
- ✓ **Clasificación** individual por aparato e por clubs

D. EXHIBICIÓN CONXUNTOS NIVEL ESCOLAR

- ✓ **ÁMBITO PROVINCIAL:** só para escolas e clubs da provincia de Ourense
- ✓ **TODAS AS CATEGORÍAS** máximo dous conxuntos por categoría e club/escola
- ✓ **Según normativa escolar da Federación Galega de Ximnasia.**

** O CLUB ORGANIZADOR RESÉRVASE O DEREITO A INCLUIR NÚMERO DE XIMNASTAS/EQUIPOS SEN LÍMITE

** HABERÁ UN LÍMITE XERAL PARA CADA CATEGORÍA, O QUE ATINXE TAMÉN Á EXHIBICIÓN DE CONXUNTOS NIVEL ESCOLAR.

NORMAS XERAIS DE INSCRICIÓN

- I. Condición indispensable para inscrición en **competición en todos os niveis ou exhibición** conxuntos escolar: as/os ximnastas deben ter licenza federativa en vigor e subidas á páxina da RFEG antes do día 18 de marzo.
- II. **Enviar por e-mail (cxpavillon@yahoo.es), os documentos de inscrición debidamente cubertos, entre as 00:00 horas do día 1 de febreiro e as 22:00 horas do día 11 de marzo. (ASUNTO: Inscrición VIII Torneo de Primavera Ximnasia- CLUB).** Nos documentos de inscrición de conxuntos Promoción-Base e Individual Escolar-Promoción, débese especificar PROMOCIÓN-BASE ou ESCOLAR
- III. Terase en conta, para admisión, o rigoroso orden de inscrición.
- IV. **Cada club poderá inscribir un/unha xuíz, ó/á que se lle pagará a minuta correspondente pero non as dietas de desprazamento e deberá facelo no mesmo documento de inscrición.** Á hora de constituír a mesa de xuíces sempre terá preferencia a maior categoría, no caso de que houbera máis dos/das necesarias.
- V. **As categorías poden pechase antes do prazo final por chegar ó tope de participantes/categoría.** Informarase por correo electrónico do peche de cada categoría. Se quedase algunha categoría incompleta poderíase ampliar inscrición noutras categorías, dato que se informaría por correo electrónico, a través da FGX, e para o que se abriría un segundo prazo de inscrición.
- VI. As músicas deberán ser enviadas por correo electrónico, en formato mp3, **unha vez recibido o orden definitivo**, cos datos que se indiquen no seu momento. **Antes do día 28 de marzo será enviado orden definitivo cos datos necesarios para o envío da música e non se recibirán as músicas antes desa data.**
- VII. As fichas de competición deberán ser entregadas na mesa de megafonía unha hora antes do inicio da competición